



MODIFICACIÓN DAS INSTRUCIÓN S DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/16

Con data do 30 de xaneiro de 2015, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditou as instrucións sobre o proceso de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos para o curso académico 2015/16.

No segundo parágrafo do apartado b da instrución nº 6, sobre aplicación dos criterios xerais de admisión de alumnado, sinalase que en relación coa valoración da renda per *cápita* da unidade familiar, a cantidade correspondente dividirase polo número de membros da unidade familiar no ano ao que corresponde a declaración do IRPF.

De conformidade coa Disposición Derradeira Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013, resolvo modificar a devandita instrución no seguinte senso:

No proceso de admisión de alumnado para o próximo curso 2015/16 debe considerarse o número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2015.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2015

O director xeral de Centros e Recursos Humanos


José Manuel Pinal Rodríguez